

B A N D O

NON APLICACIÓN DE FRANXAS HORARIAS EN NÚCLEOS DE POBOACIÓN INFERIORES A 5.000 HABITANTES

En relación coa comunicación da Xunta de Galicia do pasado día 8 de maio de 2020, en referencia á eliminación das franxas horarias establecidas polo Goberno do Estado no artigo 5.2 da Orde SND/380/2020, de 30 de abril, sobre as condicións nas que se pode realizar paseos e actividade física non profesional ao aire libre, que non requira contacto con terceiros e as diferentes casuísticas para os núcleos de poboación inferiores a 5.000 habitantes, especificase que por parte dos Alcaldes poderase eliminar do cumprimento nos tramos horarios daqueles núcleos de poboación que, aínda estando dentro da parroquia, se atopen a distancia suficiente uns doutros e non superen os 5.000 habitantes.

En consecuencia, esta Alcaldía vén adoptar a seguinte decisión:

NO CONCELLO DE ARTEIXO, AS PARROQUIAS NAS QUE SE ELIMINAN AS RESTRICIÓN POR FRANXAS HORARIAS PARA DAR PASEOS E ACTIVIDADE FÍSICA NON PROFESIONAL AO AIRE LIBRE, SON AS SEGUINTE:

Ademais das parroquias que non superan os 5.000 habitantes, isto é: **Armentón, Barrañán, Chamín, Lañas, Larín, Loureda, Montegudo, Morás, Sorrizo e Suevos.**

Amplíase á parroquia de Pastoriza, a cal engloba, entre outras, varias poboacións como **Pastoriza, Meicende, ou o Quinto Pino**, que teñen entre elas o suficiente distanciamento xeográfico para que non presenten riscos engadidos para a súa poboación.

Tamén se amplía á parroquia de Oseiro, a cal igualmente engloba varias poboacións como **Villarrodís, Oseiro ou Rañobre**, que se atopan na mesma situación que as anteriores.

E dentro da parroquia de Arteixo, non se aplicarán as franxas horarias no núcleo de poboación do **Rañal**, separado do casco urbano en varios quilómetros, o cal é apto para poder quedar exonerado do requisito de franxas horarias nas actividades arriba relacionadas.

Dese modo, **A ÚNICA PARROQUIA QUE SE VERÍA AFECTADA POLA RESTRICIÓN DAS FRANXAS HORARIAS PARA DAR PASEOS E REALIZAR ACTIVIDADE FÍSICA NON PROFESIONAL AO AIRE LIBRE, SERÍA A DE ARTEIXO, COA EXCEPCIÓN DO RAÑAL**

Arteixo, 12 de maio de 2020.

O alcalde,